

# PAUTAS DE PUBLICACIÓN PARA O BOLETÍN DAS CIENCIAS

## ENFOQUE DA REVISTA

O Boletín das Ciencias é unha revista sen ánimo de lucro, editada pola Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA). Pretende achegar a profesionais de diferentes niveis educativos tanto investigacións de carácter pedagóxico e científico, con preferencia no eido das ciencias e das matemáticas, como experiencias didácticas, co obxectivo de mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe vinculados a estas temáticas.

A periodicidade da revista é semestral, coa excepción de números especiais para atender a casuísticas sobrevidas, efemérides ou temáticas específicas que poidan suscitar interese especial no ensino das ciencias e das matemáticas.

Esta revista é de consulta aberta, estando dispoñible en formato papel (para as persoas e institucións asociadas a ENCIGA, bibliotecas...) e en formato dixital na web de ENCIGA ([www.enciga.org](http://www.enciga.org)).

## PAUTAS PARA AUTORES/AS

Os traballos enviados á revista deben ser orixinais, sen ter sido publicados previamente nin en papel nin electronicamente.

*Lingua.* Deben estar escritos preferentemente en galego, aínda que por decisión editorial poderán ser considerados traballos en español e portugués.

## Normas de publicación

Os traballos poden enviarse para algunha das seccións da revista:

- *Educación científica e matemática* que inclúe traballos de carácter teórico ou empírico. Deben conter introdución, na que se enmarque o problema a investigar, fundamentación teórica e metodolóxica, resultados, discusión e conclusión. Terán unha extensión máxima de 45000 caracteres con espazos, táboas e figuras.
- *Experiencias e materiais docentes* para a educación en ciencias e matemáticas, sección destinada á presentación e discusión de propostas didácticas que resulten novidosas. Deben conter unha xustificación da proposta e unha descrición detallada, e, de ser o caso, convén que inclúa algunhas recomendacións para a súa execución na aula ou centros educativos. Extensión máxima de 20000 caracteres con espazos, táboas e figuras.
- *Outros: como recensións de traballos, resumos de congresos, e calquera outro traballo que non tivese cabida nas seccións anteriores*, cunha extensión máxima de 4000 caracteres con espazos.

## Formato e maquetación

Os orixinais deben ser remitidos en formato editable (.docx ou .otd). Todas as marxes serán de 2,5 cm.

Na medida do posible, agradecemos que os documentos, independentemente da sección á que se envíen, presenten o seguinte formato:

- Título: Times New Roman, 16ptos, negriña e centrado
- Apelidos e nome do/a autor/a(es/as), á institución á que pertence(n) e correo-e: Times New Roman, 9ptos, 1,15 entreliñado, alienado á esquerda
- Resumo, cunha extensión máxima de 1000 caracteres con espazos: Times New Roman 10ptos, 1,15 entreliñado, xustificado. Título do resumo igual, pero en negriña.
- 5 palabras clave: Times New Roman, 9ptos, 1,15 entreliñado. Título das palabras clave igual pero en negriña
- Epígrafes de primeiro nivel: Times New Roman, 12 pts, maiúsculas e negriña, parágrafo 6ptos antes e despois, alienado á esquerda.
- Epígrafes de segundo nivel: Times New Roman, 12 pts, negriña, parágrafo 6ptos antes e despois, alienado á esquerda
- Texto e parágrafos: Times New Roman, 11 pts, entreliñado 1.15, 6 pts espaciado despois do parágrafo e xustificado
- Táboas e figuras: os títulos deben estar en Times New Roman, 11 pts. O texto nas táboas e figuras debe estar en Times New Roman 10 ou 11 pts
- Referencias: segundo as normas APA, 7ª edición Times New Roman, 11 pts, sangría francesa, entreliñado 1,15, 6 pts espaciado despois do parágrafo e xustificado

*Táboas e figuras.* Considéranse figuras os gráficos, esquemas, fotografías, etc. As táboas e as figuras que acompañan ao texto deben estar numeradas, referenciadas no mesmo e situadas no lugar exacto onde se desexa que queden publicadas. Imaxes en formato .jpg.

*Anexos.* Pódense incluír os anexos sempre e cando sexan pertinentes para a información que ofrece o texto.

*Citas e Referencias.* De acordo coas normas APA (7ª edición), as citas bibliográficas indicadas no texto, deben indicar o apelido do/as autores e o ano de publicación (<https://normas-apa.org/referencias/>). Todas as citas bibliográficas deben quedar recollidas no apartado de Referencias, seguindo as citadas normas APA. Estas referencias deben estar ordenadas alfabeticamente e con sangría francesa. Por exemplo:

Bermejo, M.R., Maneiro, M., Rodríguez-Silva, L. e Fernández-García, M. I. (2019). A IUPAC na axuda da confección do sistema periódico. *Boletín das Ciencias*, 87, 103-115.

## ENVÍO DE ORIXINAIS

Os orixinais serán enviados á [boletín@enciga.org](mailto:boletín@enciga.org). De cara a garantir unha revisión anónima, débense enviar dous arquivos, un anónimo (evitando auto-citas e eliminando do documento calquera rastro de nomes, apelidos, lugar de traballo) e outro cos datos de autoría completos.

Os arquivos deben nomearse coas palabras máis importantes do título do documento engadindo ANONIMO ou AUTORE/AS, segundo corresponda.

### Lista de comprobación para a preparación do envío de artigos

1. O traballo é orixinal, non está publicado noutro formato nin revista	
2. O arquivo está en formato <i>.doc</i> ou <i>.odt</i>	
3. Coñécense e séguense as pautas para os autores/as	
4. Coñécense e acéptanse os dereitos de autoría	

## REVISIÓN POR PARES

Os traballos serán revisados por dúas persoas do comité científico da revista no prazo de 3 meses. Pasado ese tempo, notificaráselles aos autores e autoras se o documento é aceptado, aceptado con modificacións ou rexeitado.

## AVISO DE DEREIROS DE AUTORÍA

Os autores e autoras conservan os dereitos de autoría e ceden os dereitos de primeira publicación á revista *Boletín das Ciencias*, permitíndolle que divulgue e distribúa o seu contido por todos os medios tecnolóxicos dispoñibles e a través de repositorios.

## DECLARACIÓN DE PRIVACIDADE

En cumprimento co establecido na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os nomes e direccións de correo electrónico, así como outros datos de carácter persoal, non serán cedidos, nin compartidos con empresas, nin entidades alleas ao Boletín das Ciencias.